


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS

16-17 de novembro do 2024

XXXIII ORDINARIO B



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 4 *Amigos nas penas e na festa amigos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe en día na sociedade parece que todo vai mal, e estamos cansos de que nos pinten todo negro. E nós parecemos meros espectadores, sen poder ou querer facer nada para cambiar. Podemos facer algo da nosa parte?.

A reposta atopámola no Evanxeo que imos escoitar, porque, ante situacións difíciles, cómpre ter os ollos e os oídos abertos aos demais, ás súas necesidades, ao que queren e precisan de nós. Estar atentos aos indicios e ás situacións que poden ter remedio antes de que sucedan... é o camiño proposto por Xesús, de xeito que cada día é unha oportunidade que non podemos deixar pasar.

A celebración de hoxe chámamos a descubrir que, como cristiáns, temos moito que dicir e facer, e non abonda con deixar que a vida pase.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Deus segue querendo agasallarnos co seu amor; por iso invocámolo coas peticións de perdón porque queremos facelo mellor:*

**Monitor/a**

- Pedimos perdón porque moitas veces somos profetas de calamidades, incapaces de ver e pensar en positivo. Señor, gárdanos coa túa bondade
- Pedimos perdón polas veces en que nos demais só vemos o que fan mal. Cristo, gárdanos coa túa bondade
- Pedimos perdón polas veces que non coidamos a terra como se merece, e descoidamos a nosa responsabilidade coa natureza que nos rodea. Señor, gárdanos coa túa bondade

**Celebrante:** *Deus agarimoso ten sempre piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns e nas nosas vidas. A todos nos regala incondicionalmente o seu perdón e confiamos en que nos acolle para a vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Busquemos, no silencio, o encontro con Deus e presentémoslle as nosas intencións para esta semana na que seguimos pousando a nosa mirada nos pobos que sofren pola riada que lles levou a vida.*

*(silenzo)*

**Celebrante:**

Señor, non hai outra felicidade plena e perpetua senón a de te servir a ti,  
creador de todo ben;  
concédenos vivir sempre alegres e agradecidos con todo o que de ben e bo nos ofrece a vida de Xesucristo, noso Señor e Irmán  
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Os cristiáns estamos chamados a transmitir a vida de Xesús no mundo que vivimos, especialmente aos que carecen de ilusións, alegría ou esperanza, e non son poucas as persoas e pobos que viven desesperados.*

*Abramos os ollos para descubrir os signos dos tempos e así poder atender a cantos esperan de nós unha resposta de fe e amor para as súas vidas.*

Leccionario I B páx 273    **Dan 12, 1-3**    **LECTURA**

## LECTURA DO LIBRO DE DANIEL

**Naquel tempo alzarase Miguel, o gran príncipe que protexe os fillos do teu pobo. Será época de angustia, tal que nunca a houbo coma ela desde que as nacións existen**

ata aquel tempo. Mesmamente naquel tempo salvarase o teu pobo: todos os que se atopen inscritos no libro.

Moitos dos que dormen no po da terra espertarán: uns para a vida eterna, outros para a ignominia, para a reprobación eterna. Os sabios brillarán coma o fulgor do firmamento, e os que educaron na xustiza aos demais serán coma as estrelas por toda a eternidade.

### Palabra do Señor

🎵 **nº 48 O pouco que Deus nos dá** SALMO

(en pé) *Lecciona I B* páx 274 **Mc 13, 24-32** EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

Naqueles días, pasada xa aquela grande angustia, o sol hase escurecer, a lúa deixará de alumar, as estrelas caerán do ceo, abalarán as potencias do ceo. Entón verán vir o Fillo do Home sobre as nubes con grande poder e gloria. E mandará os anxos para reuniren os elixidos desde os catro ventos do cabo da terra ata o cabo do ceo.


Aprendede da comparanza da figueira. Cando lle saen os gromos e bota a folla, comprendedes que o verán está a chegar. Así tamén vós, cando vexades que pasan estas cousas, sabede que xa está pretoño, á porta. Asegúrovos que non pasará esta xeración sen que antes suceda todo

isto. O ceo e maila terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán.

En canto ao día e maila hora no que isto vai acontecer ninguén sabe nada, nin os anxos do ceo, nin o Fillo; sábeo o Pai soamente.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Moitas veces na vida temos que anticiparnos ás cousas antes de que non teñan remedio. Temos que saber ler os signos dos tempos para que a vida non nos leve por diante, porque non é ben contentarse mirando para outro lado.

\* Na Igrexa, moitas veces, en vez de enfrontarnos á realidade contentámonos coa lembranza de tempos pasados.

\* Na nosa sociedade miramos hoxe para outro lado porque mirar, por exemplo, para os refuxiados tirados, doe. Non podemos vivir como se isto non pasara porque non pasa á nosa beira. Non podemos crer que as alambradas e os muros non existen, só porque nós non os teñamos aquí. A dura realidade dos refuxiados está aí aínda que moitas veces pechemos os ollos.

\* O mesmo podemos dicir do sucedido coas riadas destes días. Non importou construír e ocupar espazos inundables e agora botamos as mans á cabeza coa impotencia de ver como a riada o leva todo por diante incluída a vida mesma.

\* O mesmo podemos dicir da falta de valores na educación aos fillos, ou da mala xestión económica de moitas persoas con responsabilidade de goberno, ou do mal coidado que lle damos á natureza, ou da despreocupación polo mundo rural. Son realidades que temos diante, e non é ben fuxir delas, porque se fuximos ou miramos para outro lado seguirán repetíndose, como tantas veces pasa, por exemplo, coa violencia de xénero.

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

***Celebrante:*** *Ante as distintas circunstancias da vida, moitos esperan de nós unha resposta. Os cristián moitas veces soamente podemos responder dende a nosa fe en Xesús. Por iso proclamamos:*

***♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Monitor/a:***

***Credes en Deus, Pai e Nai,  
que nos convida a facer unha nova creación  
dende a solidariedade?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes en Xesucristo, fillo e irmán benquerido  
que nos descubre a grandeza da xenerosidade  
e nos alenta na responsabilidade de facernos cribles  
na igualdade e na loita contra a violencia de xénero?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes no Espírito Santo,  
que alenta en nós a chamada a transformar a historia  
ofrecendo o mellor de nós mesmos aos demais  
coidando a natureza?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes na igrexa, comunidade viva  
que quere facer realidade o evanxeo de Xesús  
atendendo aos signos dos tempos?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Dispostos a escoitar a túa voz, abrimos o noso corazón a compartir o que nos ilusiona e tamén canto nos preocupa, dicindo xuntos:*

**ABRE O NOSO CORAZÓN SEÑOR**

**Monitor/a:**

✓ Pola Igrexa que formamos, para que esteamos atentos a todas as persoas, especialmente ás máis necesitadas, ás que pasan por dificultades, ás enfermas, pois todas elas son sinais da presenza de Xesús entre nós, rezamos xuntos

✓ Por todas as persoas que teñen calquera tipo de poder, para que na súa xestión prime a persoa por enriba de intereses económicos ou estratéxicos e así potencien unhas relacións máis humanas, cordiais, e fundadas na igualdade, rezamos xuntos

✓ Por todos nós para que nunca deixemos de preocuparnos e doernos ante os abusos á natureza, pois temos a responsabilidade de deixar unha terra mellor coidada ás xeracións vindeiras, rezamos xuntos

✓ Lembrando as riadas doémonos coas familias que o perden todo, e se quedan coas mans baleiras, e mesmo sen vida, rezamos xuntos

**Celebrante:** *Grazas, Señor, por invitarnos a ter unha fe activa, atenta e comprometida, testemuñando o evanxeo de Xesucristo noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Supliquemos hoxe non caer na tentación de ser igrexa pesimista e que mira o futuro coma catástrofe; e recémoslle a Deus coas voces da esperanza que temos aprendido en Xesús:*

**NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *Dáanos a túa paz Señor e fai que saibamos transmitila a tantas persoas que viven sen esperanza, compartindo o teu amor con todos os que precisan dunha man amiga e dunha palabra de ánimo.*

*Non queremos un lugar de honor, sentímonos honrados alí onde atopamos mans cheas de xenerosidade. Sementemos paz coas nosas mans e fagámonos cribles porque non é pouco soñar paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *Os discípulos tiveron que ir descubrindo pouco a pouco a proposta de Xesús, porque para El a grandeza da vida radica en estar vixiantes con canto pasa arredor. Vivir cos ollos abertos, o corazón atento e as mans comprometidas.*

*Sintámonos orgullosos por poder compartir así neste pan a grandeza do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 **nº 58 O pouco que Deus nos dá**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, que a experiencia de compartir o evanxeo nos encha da túa graza  
para compartir tamén a mesa da vida,  
servíndote a Ti nos nosos irmáns e irmás  
por Cristo, Noso Señor. Amén

*A nosa celebración é luz para entender a sociedade na que vivimos; é forza para superar as dificultades do camiño; e ten que ser tamén o Amor que nos achega aos demais con un corazón que comparte, unhas palabra que animan e unhas mans que axudan.*

*Comecemos desde xa.*



Cando vexades  
que pasan  
estas cousas,  
sabede  
que xa está pretoño,  
á porta.

*Palabras de Xesús  
no evanxeo  
de hoxe.*

A pesar dos pesares non deixemos de confiar.

*Avisase das misas (ver folla do mes).*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

***Podémonos ir en paz.***

Celebrando o evanxeo,  
levamos á vida palabras de esperanza,  
por iso ímonos cantando

🎵 **nº 56 Ide e pregoade**